



4.2.- Pobreza e cohesión social

■ A análise da pobreza e o benestar social debe contemplarse dende unha perspectiva multidimensional, non só en termos económicos, incorporando aspectos como a calidade de vida, o nivel educativo ou o grao de exclusión.

Neste senso, o capítulo estrutúrase en catro grandes apartados onde se presentan os principais indicadores e as prestacións e axudas públicas dispoñibles: a pobreza e a desigualdade social, a dependencia e a discapacidade, o ámbito da familia e a infancia e, en cuarto lugar, aspectos relacionados coa violencia e co maltrato.

Pobreza e cohesión social

A evolución dos niveis de pobreza e desigualdade ven determinada por unha combinación de factores socioeconómicos e políticos que dificultan a súa análise a partir dun número reducido de indicadores. O impacto da crise económica tradúcese, entre outros aspectos, nun forte incremento dos niveis

de desemprego, especialmente de longa duración, nun aumento da precariedade laboral que incide sobre unha poboación envellecida, con pensións baixas –no caso de Galicia, das máis reducidas do Estado– e con necesidades derivadas de situacións de dependencia.

A modo de resumo, o **cadro 4.2.1.** reflicte o carácter multidimensional da pobreza, presentando os valores dos principais indicadores para Galicia e España, así como a comparación interautonómica dos mesmos, sinalando a súa situación en relación ás outras CC.AA.

O punto de partida da análise debe ser o estudo da situación dos fogares galegos atendendo ás súas rendas e ingresos medios. A diferenza do acontecido no ano anterior, os datos da Enquisa de condicións de vida do INE correspondentes ao ano 2013 (último dato dispoñible) reflicten para Galicia unha medra tanto da renda media por fogar como por persoa. Dunha banda, a renda media



Pobreza en Galicia e España 2012-13: indicadores

		Galicia		España		Ranking (3)	
		2012	2013	2012	2013	2012	2013
Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (1)	(%)	24,3	23,8	27,3	29,2	9	8
Taxa de risco de pobreza (1)	(%)	17,2	15,4	20,4	22,2	11	14
Carencia material severa (1)	(%)	4,6	5,5	6,2	7,1	11	9
Fogares con baixa intensidade no traballo (1)	(%)	14,1	14,9	15,7	17,1	8	9
Satisfacción coa vida	(de 0 a 10)		6,1		6,9		17
Fogares con dificultade para chegar fin de mes	(%)	20,2	21,1	19,8	21,1	9	8
Fogares con moita dificultade para chegar fin de mes	(%)	16,6	20,8	16,9	16,1	9	4
Non ten capacidade para afrontar gastos imprevistos	(%)	38,5	38,6	41,0	41,4	9	10
Esperanza de vida ao nacer	(idade)	82,3	82,7	82,3	82,8	10	11
Informe PISA (habilidade lectora) (1)	(puntos)	499		488		6	
Informe PISA (matemáticas) (1)	(puntos)	489		484		10	
Informe PISA (ciencias) (1)	(puntos)	512,0		496,0		5	

(1) datos a 31 decembro

(2) no informe PISA 2013 tan só participan 14 CC.AA.

(3) ranking en función do valor, dende o de maior a menor

Fonte: elaboración propia CES Galicia a partir de datos do INE e Ministerio de Educación, Cultura y Deporte

4.2.1.

Rendas medias nas CC.AA. 2012-13 (1)

	2012		2013	
	por fogar	por persoa	por fogar	por persoa
	(en €)			
Andalucía	22.450	8.408	21.332	8.079
Aragón	29.311	12.022	29.120	12.037
Asturias	25.704	11.211	25.623	11.251
Baleares	26.307	10.386	26.923	10.660
Canarias	22.037	8.513	21.539	8.302
Cantabria	24.188	9.843	23.905	9.824
Castela-A Mancha	22.256	8.425	22.271	8.545
Castela e León	25.717	10.760	24.587	10.406
Cataluña	30.423	12.111	30.407	12.205
C. Valenciana	23.189	9.375	22.392	9.144
Extremadura	21.078	8.224	19.364	7.729
Galicia	25.939	10.106	26.001	10.235
Madrid	32.632	12.823	31.587	12.597
Murcia	23.011	8.253	21.269	7.767
Navarra	34.320	13.608	33.047	13.221
País Vasco	34.487	14.312	34.240	14.281
A Ríoxa	25.643	10.686	26.666	11.120
Total	26.775	10.531	26.154	10.391

(1) datos a 31 decembro

Fonte: INE, Encuesta de Condiciones de Vida (ECV-2014). Base 2013

4.2.2.

anual por fogar situouse no último ano en 26.001 euros, un 0,2% máis que no ano anterior, sendo este importe lixeiramente inferior á media estatal (26.154 euros). Doutra banda, os ingresos por persoa aumentan igualmente para situarse en Galicia nos 10.106 euros, un 1,3% superior ao estimado en 2012, sendo igualmente este importe inferior á media estatal (10.235 euros). Comparada co resto das CC.AA., Galicia é a oitava Comunidade con maior renda


por fogar e a décima no caso da renda media por persoa.

A pesar desta lixeira mellora da renda media nos fogares e a nivel individual, en Galicia hai cada vez unha maior porcentaxe de fogares que afirman ter dificultades ou moitas dificultades para cubrir os gastos mensuais. Tal e como se aprecia no **cadro 4.2.3.**, no ano 2013 continúa o fortísimo incremento do peso relativo de fogares con





Fogares con dificultades ou moitas dificultades para chegar a fin de mes en Galicia e España 2008-13
(%)



Fonte: INE, Encuesta de Condiciones de Vida (ECV-2014). Base 2013

4.2.3.

moitas dificultades para chegar a fin de mes, que se sitúa en 20,8% fronte ao 16,6% do ano anterior. Por contra, no conxunto do Estado esta porcentaxe descende lixeiramente ata o 16,1%. Asemade, tanto en Galicia como en España continúa a medra dos fogares que afirman atoparse con dificultades, representando en 2013 o 21,1% dos fogares galegos e o 21,2% dos fogares españois. En conxunto, 42 de cada 100 fogares galegos afirman ter dificultades ou moitas dificultades para chegar a fin de mes (37 no conxunto do Estado), situándose como a quinta Comunidade Autónoma con maior porcentaxe tras Andalucía (51), Comunidade Valenciana (47), Canarias (47) e Andalucía (51), ademais de Ceuta, con 52.

A organización da poboación en diversas estruturas familiares e a súa relación co mercado de traballo é tamén un indicador do grao de benestar social. No ano 2014, contabilízanse en Galicia aproximadamente 1.078.000 vivendas familiares, das que 32.300 vivendas non dispoñían de ningún perceptor de ingresos, e en 458.100 viven-

das só un membro percibía algún ingreso económico (salario, algún tipo de pensión ou prestacións por desemprego).

En relación ao ano anterior, descende por primeira vez dende o ano 2009 o número de vivendas sen perceptores de ingresos (1.600 vivendas menos) se ben este se produce tan só na provincia de A Coruña (3.300 menos que en 2013). Por contra, tal e como reflicte o **cadro 4.2.4.**, aumenta en case 18.000 o número de fogares cun só perceptor, rexistrándose esta medra nas catro provincias galegas.

En relación á condición de inactivo ou activo dos membros das vivendas familiares, o 30,5% das vivendas familiares non contan en 2014 con ningún membro activo, e entre as 749.200 vivendas con ao menos un activo, no 12,4% (92.800 fogares) todos os membros activos son parados e no 69,2% (518.500 vivendas), todos os activos están ocupados.

A redución dos ingresos medios así como o incremento no prezo dos subministros bási-




Vivendas familiares 2010-14

	2010	2011	2012	2013	2014
Total fogares					
Galicia	1.038,3	1.051,0	1.061,7	1.070,5	1.078,3
A Coruña	433,3	440,3	448,8	449,3	447,2
Lugo	132,0	134,6	133,5	133,1	137,2
Ourense	131,6	132,4	133,4	133,3	137,8
Pontevedra	341,4	343,7	346,1	354,8	356,0
Fogares sen perceptores de ingresos					
Galicia	19,6	24,2	29,1	33,9	32,3
A Coruña	9,9	9,9	11,5	14,7	11,4
Lugo	1,9	2,1	2,8	3,4	3,6
Ourense	2,3	3,1	3,1	3,8	4,2
Pontevedra	5,5	9,1	11,8	12,0	13,1
Fogares cun só perceptor de ingresos					
Galicia	394,6	409,8	422,6	440,3	458,1
A Coruña	168,4	180,4	185,8	187,8	193,5
Lugo	47,4	49,3	50,4	51,7	55,9
Ourense	48,9	49,5	55,0	55,7	61,2
Pontevedra	129,9	130,6	131,4	145,1	147,5

Fonte: IGE, EPA

4.2.4.

Prezos da electricidade e gas natural para consumidores domésticos en España e UE-28 2008-14 ⁽¹⁾



(1) prezo base 2008=100
Fonte: EUROSTAT

4.2.5.





Poboación en risco de pobreza ou exclusión social nas CC.AA. 2012-13: distribución segundo os seus compoñentes ⁽¹⁾

	Risco de pobreza ou exclusión social		En risco de pobreza		Con carencia material severa		Vivindo en fogares con baixa intensidade no traballo (0-59 anos)	
	2012	2013	2012	2013	2012	2013	2012	2013
	(%)							
Andalucía	38,3	42,3	29,1	33,3	7,0	9,5	25,3	27,4
Aragón	19,8	20,7	16,1	16,9	3,3	4,2	10,2	10,5
Asturias	21,8	23,4	14,1	16,7	4,2	5,1	16,5	18,0
Baleares	27,8	23,8	19,8	17,9	10,4	9,8	7,1	7,5
Canarias	35,5	37,0	28,4	27,6	8,5	7,2	22,8	28,1
Cantabria	25,3	27,4	17,8	20,6	3,9	3,5	11,1	18,4
Castela e León	20,8	26,1	17,5	20,4	1,8	2,6	12,8	17,7
Castela-A Mancha	36,7	36,9	31,3	28,4	5,8	8,7	19,9	14,9
Cataluña	20,1	21,8	13,9	15,8	6,1	6,3	10,8	12,0
C. Valenciana	31,7	34,7	23,6	26,2	7,1	11,3	16,9	18,1
Extremadura	36,1	39,8	30,9	33,1	3,7	3,8	17,8	22,2
Galicia	24,3	23,8	17,2	15,4	4,6	5,5	14,1	14,9
Madrid	20,1	19,2	13,4	14,7	7,3	4,8	9,3	9,6
Murcia	34,1	44,9	26,8	37,2	9,0	11,8	17,3	22,2
Navarra	14,5	14,5	9,9	11,9	0,6	1,2	8,0	7,5
País Vasco	16,8	15,3	10,5	10,2	4,8	4,8	13,0	12,2
Rioxa, A	22,2	20,1	19,3	16,2	6,6	5,6	10,4	10,7
Total	27,3	29,2	20,4	22,2	6,2	7,1	15,7	17,1

(1) datos a 31 de decembro

Fuente: INE, Encuesta de Condiciones de Vida (ECV-2014). Base 2013

4.2.6.

cos afecta á existencia dunha maior porcentaxe de persoas en situación de carencia material. Dunha banda, cómpre mencionar que en 2013 o 38,6% dos galegos non tiña capacidade para afrontar gastos imprevistos (42,4% en España) e o 7,6% (10,2% no Estado) tivo retrasos no pago dos gastos relacionados coa vivenda principal no último ano (hipoteca, aluguer, recibos de gas, comunidade...), sendo estas porcentaxes significativamente superiores ás estimadas en 2008. Doutra banda, e moi relacionado coa imposibilidade de pagar determinados gastos está o incremento do prezo do subministro enerxético, en concreto o gas natural e, especialmente, a enerxía eléctrica. O **cadro 4.2.5.** amosa que o incremento do prezo da enerxía para os consumidores domésticos en España nos últimos anos é moi superior ao incremento medio da UE-28, en tanto que no caso do gas este é superior nos anos 2013 e 2014.

Asociado ao retraso ou imposibilidade de pago de gastos hipotecarios, o INE ofrece dende o ano 2014 datos de certificacións de

execucións hipotecarias que se inician e inscriben nos rexistros da propiedade. No último ano iniciáronse un total de 3.182 execucións hipotecarias sobre o total de fincas (2,7% do total estatal), das que 1.733 corresponden a execucións sobre vivendas, o que supón o 2,5% das iniciadas en España.


Tomando como referencia as hipotecas constituídas no período 2003-13 sobre o total de fincas, o 0,56% das hipotecas constituídas iniciaron unha execución hipotecaria en 2014, porcentaxe inferior á do conxunto do Estado, que se sitúa en 0,90%. No caso das vivendas, Galicia sitúase igualmente por baixo da media estatal, acadando o 0,48% das hipotecas constituídas fronte ás 0,79% de España.

• Pobreza

Atendendo tan só ao indicador monetario de renda dos fogares, a taxa de risco de pobreza defínese como a porcentaxe de persoas que viven en fogares cunha renda total equivalente inferior ao limiar do risco de po-



Risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) e risco de pobreza en Galicia e España 2008-13 ⁽¹⁾



(1) A poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que se atopa nalguna das seguintes situacións: risco de pobreza, carencia material severa ou vivindo en fogares con baixa intensidade no traballo (de 0 a 59 anos);

.- Risco de pobreza: por debaixo do limiar de pobreza, fixado no 60% da mediana dos ingresos anuais por unidade de consumo das persoas (despois das transferencias sociais e sen imputar vivenda);

.- Carencia material severa: persoas que viven con escaseza de recursos ao non ter acceso, ao menos, a 4 dos seguintes 9 ítems: gastos imprevistos, unha semana de vacacións fora da casa, pago da hipoteca ou das facturas de luz, auga, gas..., unha comida de carne, polo, pescado ou proteína equivalente, ao menos cada dous días, manter a vivenda a unha temperatura axeitada os meses de inverno, lavadora, televisión en cor, teléfono e coche;

.- Baixa intensidade no traballo (de 0 a 59 anos): persoas con menos de 59 anos que viven en fogares cuxos membros adultos traballaron menos do 20% do seu potencial laboral total durante o ano anterior.

Fonte: INE, *Encuesta de Condiciones de Vida (ECV-2014)*. Base 2013

4.2.7.

breza, isto é, inferior ao 60% da mediana dos ingresos equivalentes de todas as persoas galegas. Tal e como se reflicte no **cadro 4.2.6.**, esta taxa sitúase no ano 2013 en Galicia no 15,4%, case sete puntos porcentuais inferior á taxa media para o conxunto do Estado, fronte ao 18,3% do ano anterior. Este descenso pode vir explicado tanto porque exista unha bolsa de poboación que mellore a súa situación como polo feito de que a porcentaxe de fogares con ingresos equivalentes menores é cada vez maior.

En relación ao resto das Comunidades Autónomas, Galicia mellora a súa posición relativa situándose como a cuarta Comunidade con menor taxa de risco de pobreza, cando no ano 2012 había seis CC.AA. con menor taxa.

A estratexia Europa 2020 amplía este indicador de pobreza monetario e define unha taxa de risco ou exclusión social onde se incorpora a situación laboral ou a escaseza de recursos materiais. O novo indicador, denominado AROPE (*At Risk Of Poverty and/or Exclusion*), inclúe tanto as persoas que se atopan en risco de pobreza monetaria –definida como a porcentaxe de persoas que están por debaixo do limiar de pobreza–, como os fogares con moi baixa intensidade de traballo –están nesta situación as persoas con menos de 59 anos que viven en fogares cuxos membros adultos traballaron menos do 20% do seu potencial laboral total durante o ano anterior– e a privación material severa –porcentaxe de persoas que viven con escaseza de recursos ao non ter acceso, ao menos, a 4 dos seguintes 9 ítems: gastos imprevistos; unha semana de





Risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2012-13 ^{(1) (2)}

	2012	2013
	(%)	
Total	23,58	22,83
A Coruña	21,49	22,27
Lugo	20,41	18,03
Ourense	24,55	23,08
Pontevedra	26,86	25,14
Nacionalidade	23,58	22,83
Española	22,53	22,12
Estranxeira	60,05	61,58
Fogares con ou sen nenos a cargo	23,58	22,83
Fogares con nenos a cargo	26,31	25,00
Un adulto con nenos a cargo	56,32	57,54
Dous adultos con nenos a cargo	25,17	23,41
Dous adultos con un neno a cargo	21,27	19,21
Dous adultos con dous o máis nenos a cargo	28,60	26,97
Tres ou máis adultos con nenos a cargo	24,01	23,06
Fogares sen nenos a cargo	21,12	20,86
Un adulto sen nenos a cargo	28,83	26,02
Dous adultos sen nenos a cargo	20,40	21,09
Tres ou máis adultos sen nenos a cargo	19,05	18,50
Fogares segundo tipoloxías	23,58	22,83
Unipersoal	28,83	26,02
Sen núcleo	28,63	24,16
Parella con fillos	22,31	21,45
Parella sen fillos	16,60	17,98
Monoparental	40,46	40,33
Un núcleo e outros	22,91	21,66
Varios núcleos	23,04	21,70

(1) a poboación en risco de pobreza ou exclusión social é aquela que está nalgunha das seguintes situación: 1) risco de pobreza: o ingreso por unidade de consumo está por debaixo do 60% da mediana; 2) en carencia material severa; e 3) persoas de 0 a 59 anos que viven en fogares sen ingresos de traballo ou con baixa intensidade de ingresos de traballo
(2) datos a 31 de decembro de cada ano

Fonte: IGE, *Enquisa de condicións de vida das familias*

4.2.8.

vacacións fóra da casa; pago da hipoteca ou das facturas de luz, auga, gas...; unha comida de carne, polo, pescado ou proteína equivalente ao menos cada dous días; manter a vivenda a unha temperatura axeitada os meses de inverno; lavadora; televisión en cor; teléfono; e coche.

No ano 2014, o 23,8% da poboación galega atopábase nunha situación de risco de pobreza ou exclusión social, sendo esta porcentaxe 5,4 puntos inferior á media estatal. Como amosa o **cadro 4.2.7.**, mentres que no conxunto do Estado a porcentaxe de persoas que se atopa nunha situación de risco ou exclusión social medra de xeito continuado dende o ano 2008, en Galicia o AROPE descende ata o ano 2010 (21,0%) e,

tras dous anos de crecemento, volve a reducirse no último ano ata o devandito 23,8%. Comparado co resto das CC.AA., Galicia atópase nunha situación intermedia, sendo a oitava comunidade coa taxa máis elevada.

Desagregando esta taxa entre os seus compoñentes, Galicia segue amosando unha situación máis favorable en relación á media estatal. Dunha banda, o devandito **cadro 4.2.6.** reflicte que o 5,5% da poboación atópase nunha situación de privación material severa, o que a sitúa como a novena Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida (7,1% no conxunto do Estado), e que o 14,9% das persoas menores de 59 anos vive en fogares con baixa intensidade no



**Risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2007-13:
distribución segundo áreas**

	2007	2012	2013
	(%)		
Total	14,63	23,58	22,83
A Coruña	11,71	21,49	22,27
A Coruña suroriental	18,97	21,33	19,61
Ferrol-Eume-Ortegal	13,24	19,77	26,70
Área da Costa da Morte	14,97	28,27	28,90
A Barbanza-Noia	15,21	28,53	17,81
Área da Coruña	8,29	19,14	21,20
Área de Santiago	10,58	19,91	18,65
Lugo	15,79	20,41	18,03
Lugo sur	18,80	32,49	22,67
Lugo oriental	12,88	16,53	14,72
Lugo central	16,02	18,52	15,53
A Mariña	14,76	18,57	22,63
Ourense	19,08	24,55	23,08
O Carballiño-O Ribeiro	17,83	29,88	30,97
Ourense central	17,35	25,44	21,95
Ourense sur	27,41	24,59	23,62
Área de Ourense	14,78	22,52	20,67
Pontevedra	16,15	26,86	25,14
Pontevedra nororiental	16,72	20,53	22,54
Pontevedra sur	24,74	33,12	29,55
Caldas-O Salnés	15,51	30,33	21,98
O Morrazo	14,59	30,08	25,61
Área de Pontevedra	13,23	25,11	26,74
Área de Vigo	15,22	24,97	24,95

Fonte: IGE, *Enquisa de condicións de vida das familias*

4.2.9.

**Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) 2012-13:
distribución segundo sexo e grupos de idade**

	2012			2013		
	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total
	(%)					
Total	23,39	23,76	23,58	22,98	22,69	22,83
Menos de 16 anos	27,31	27,39	27,35	26,56	23,34	25,00
De 16 a 24 anos	31,29	32,11	31,69	34,60	29,40	32,06
De 25 a 49 anos	23,85	24,44	24,14	23,66	24,92	24,29
De 50 a 64 anos	26,01	27,22	26,63	25,82	27,40	26,63
De 65 ou máis anos	13,73	15,92	15,00	11,90	13,85	13,02

(1) datos a 31 de decembro

Fonte: IGE, *Enquisa de condicións de vida das familias*

4.2.10.

traballo, 2,2 puntos por baixo da media estatal, situándose como a novena Comunidade coa porcentaxe máis elevada.

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a distribución provincial da pobreza non é homoxénea nin xeográfica nin demograficamente. Segundo os datos da taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020) presentados polo IGE, a

provincia de Pontevedra ten taxa de risco de pobreza e exclusión social 2,3 puntos superior á media galega, situándose no 25,1%, por diante de Ourense, con 23,1%. Por contra, Lugo e A Coruña, tras un novo descenso, manteñen unhas taxas inferiores á media, sendo Lugo a que presenta a menor taxa, cun 18,0% da súa poboación en situación de risco ou exclusión social (22,3% en A Coruña). Asemade, dentro da provincia de





Desigualdade en Galicia e España 2009-14: Índice de Gini e distribución da renda S80/20

Índice de Gini						
	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Galicia	0,272	0,278	0,278	0,276	0,283	0,286
A Coruña	0,272	0,277	0,282	0,276	0,286	0,291
Lugo	0,284	0,276	0,266	0,268	0,278	0,264
Ourense	0,279	0,288	0,271	0,264	0,277	0,274
Pontevedra	0,261	0,274	0,276	0,280	0,279	0,288
España	0,329	0,335	0,340	0,342	0,337	0,347

Distribución da renda S80/S20						
	2009	2010	2011	2012	2013	2014
Galicia	4,02	4,13	4,16	4,21	4,47	4,51
A Coruña	4,02	4,14	4,22	4,22	4,53	4,64
Lugo	4,17	4,11	3,91	3,93	4,27	3,95
Ourense	4,18	4,34	3,98	3,93	4,39	4,22
Pontevedra	3,79	4,03	4,16	4,35	4,39	4,58
España	5,90	6,20	6,30	6,50	6,30	6,80

(1) o índice de Gini mide a concentración dunha distribución de rendas entre os membros dun colectivo a partir do ingreso equivalente por persoa sendo éste o ingreso equivalente do fogar ao que pertence

(2) distribución da renda S80/S20: cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre.

(3) datos a 31 de decembro do ano anterior

Fonte: IGE e INE

■ 4.2.11.

Pontevedra, obsérvanse tamén claras diferenzas entre a taxa media da zona nororiental (22,5%) ou Caldas-O Salnés (22,0%) e a da zona sur, que acada a taxa máis elevada de toda Galicia, de xeito que case trinta de cada 100 habitantes desta área están en situación de risco de pobreza ou exclusión social (**cadro 4.2.9.**),

Ao igual que en termos territoriais, tamén en canto ás variables demográficas obsérvanse grandes diferenzas no maior ou menor risco de pobreza. Por unha banda, ao igual que o observado a nivel español ou europeo, a poboación galega entre 16 e 24 anos é a máis exposta á pobreza, de xeito que o 32,1% destas persoas estarían en risco de pobreza, sendo dita porcentaxe do 26,6% para as persoas de entre 50 e 64 anos. Os únicos intervalos de idade que no ano 2013 incrementan a poboación en situación de risco son os de 16-24 e os de 25-49 anos. Doutra banda, tal e como recolle o citado **cadro 4.2.8.**, o risco de pobreza é moito maior para os estranxeiros que para os nacionais, situándose no 61,6% para a

poboación estranxeira fronte ao 22,1% para a española.

A tipoloxía do fogar, así como o feito de que existan ou non cargas familiares, determina tamén, en grande media, o risco de pobreza. Neste senso, o 57,5% dos fogares galegos compostos por un adulto con nenos a cargo están en situación de risco de pobreza ou exclusión social, sendo os fogares monoparentais, co 40,3%, os que presentan unha maior taxa de pobreza.

● Desigualdade

O empeoramento das condicións de vida e o aumento dos niveis de pobreza leva asociado en moitos casos unha maior desigualdade económica. Un xeito de medir o grao de desigualdade na distribución dos ingresos é a través do coeficiente de Gini, que varía entre 0 e 1, onde o valor 0 se corresponde coa perfecta igualdade e o valor 1 coa total desigualdade. O **cadro 4.2.11.** mostra como a 31 de decembro de 2013 o valor do índice sería en Galicia do 0,286,



fronte ao valor do 0,347 para España, o que reflicte unha distribución da renda máis igualitaria para Galicia en comparación co valor medio estatal.

Outra forma de medir a desigualdade é a través da distribución da renda S80/S20, calculada como o cociente entre o ingreso medio equivalente do quintil máis rico da poboación e o ingreso medio equivalente do quintil máis pobre. Este indicador mostra incrementos dende o ano 2008, acadando a 31 de decembro de 2013 para Galicia un valor de 4,51, o que indica que os ingresos medios do quintil máis rico da poboación son catro veces e media superiores aos ingresos medios do quintil de poboación máis pobre (6,8 veces de media a nivel estatal).

A nivel provincial, as catro provincias presentan un grado de desigualdade inferior á media estatal, sendo novamente A Coruña a que amosa unha maior desigualdade na distribución da renda (4,64).

Dependencia e discapacidade

O sistema de atención á dependencia ven determinado en grande medida tanto pola evolución e a estrutura demográfica en Galicia, que transformou a pirámide poboacional e incrementou a demanda de protección social e apoio ás persoas que se atopan en situación de dependencia, como polo impacto da crise económica, xa que contribúe ao crecemento da demanda de asistencia noutros ámbitos da dependencia, como son a inclusión social, a familia ou a infancia.

As persoas beneficiarias do sistema de atención á dependencia serán aquelas que se encontren en situación de dependencia, nalgun dos graos establecidos, que residan en territorio español e leven nel cinco anos, dos cales dous deberán ser inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude, e que residan na Comunidade Autó-

noma de Galicia na data da súa presentación.

O número de solicitudes para o recoñecemento da situación de dependencia rexistradas en Galicia volve a descender no último ano para situarse a 31 de decembro de 2014 nas 81.101, un 1,6% menos que na mesma data do ano anterior, o que representa o 5,1% das solicitudes no conxunto do Estado. En relación á poboación empadroadada en Galicia, as solicitudes rexistradas representan o 3%, catro décimas menos que a media en España. Tal e como se deduce do **cadro 4.2.12.**, o 97,7% destas solicitudes foron ditaminadas (95,5% no conxunto de España), tendo dereito a prestación un total de 53.881 beneficiarios, o que representa o 68% das solicitudes ditaminadas, cifra que sitúa a Galicia como a cuarta Comunidade Autónoma con maior porcentaxe de solicitudes favorables sobre ditaminadas (58,7% no Estado).

A 31 de decembro do último ano residen en Galicia 23.302 beneficiarios cunha situación de gran dependencia (grado III), 25.367 persoas con dependencia grave (grado II) e 5.940 cunha situación de dependencia moderada (grado I). Ao igual que no ano anterior, cómpre destacar o feito de que Galicia sexa a terceira Comunidade Autónoma, tras Canarias e Murcia, cunha maior porcentaxe de beneficiarios de grado III en relación ao total de solicitudes ditaminadas, acadando un 29,4% sobre o total de beneficiarios, así como a cuarta, tras Canarias, Cantabria e Murcia, cunha maior porcentaxe de beneficiarios de grado II sobre o total, un 32%. O peso dos beneficiarios cunha dependencia moderada representaría un 6,6%, estando, neste caso, novamente por debaixo da media estatal.

No que atinxe aos Programas Individuais de Atención (PIA), o número total de beneficiarios volve a aumentar no ano 2014 para situarse a 31 de decembro en 39.004, o 5,2%





Dependencia en Galicia e España 2013-14 ⁽¹⁾: principais indicadores

	2013			2014		
	Galicia	España	G/E (%)	Galicia	España	G/E (%)
Solicitudes	82.400	1.644.284	5,0	81.101	1.594.692	5,1
Ditámenes	80.636	1.530.190	5,3	79.262	1.523.494	5,2
Beneficiarios con dereito a prestación	56.835	944.345	6,0	53.881	893.722	6,0
Grado III	25.048	373.169	6,7	23.302	352.676	6,6
Grado II	25.847	449.605	5,7	25.367	436.523	5,8
Grado I	5.940	121.571	4,9	5.212	104.523	5,0
Beneficiarios con prestación	38.729	753.842	5,1	39.004	745.720	5,2
Prestacións	42.090	945.051	4,5	41.938	929.983	4,5
Prevención dependencia e Promoción A. Persoal	509	20.994	2,4	567	23.310	2,4
Teleasistencia	1.026	120.457	0,9	1.225	115.570	1,1
Axuda a domicilio	9.714	120.962	8,0	11.107	132.597	8,4
Centros de día/noite	5.547	70.343	7,9	5.731	73.293	7,8
Atención residencial	7.584	130.424	5,8	7.317	135.346	5,4
P.E. vinculada servizo	5.400	72.029	7,5	5.046	73.636	6,9
P.E. coidados familiares	12.263	408.401	3,0	10.865	374.348	2,9
P.E. Asist. persoal	47	1.441	3,3	80	1.883	4,2
Rateo prestacións por persoa beneficiaria	1,09	1,25		1,08	1,25	

Grado III.- Gran dependencia: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá varias veces ao día e, pola súa perda total de autonomía física, mental, intelectual ou sensorial, precisa o apoio indispensable e continuo doutra persoa ou ten necesidades de apoio xeneralizado para a súa autonomía persoal.

Grado II.- Dependencia grave: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, dúas ou tres veces ao día, pero non quere o apoio permanente dun coidador ou ten necesidades de apoio extenso para a súa autonomía persoal.

Grado I.- Dependencia moderada: cando a persoa precisa axuda para realizar varias actividades básicas da vida cotiá, polo menos unha vez ao día, ou ten necesidades de apoio intermitente ou limitado para a súa autonomía persoal.

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

Fonte: IMSERSO, *Sistema para la autonomía y atención a la dependencia*

■ 4.2.12.

dos beneficiarios totais estatais. Atendendo ao seu peso relativo na poboación total de Galicia, os beneficiarios con prestacións representan o 1,4%, lixeiramente por baixo da media estatal (1,6%).

A pesar do devandito incremento dos beneficiarios, o número total de prestacións desce lixeiramente no último ano, situándose nas 41.938 prestacións, un 0,4% menos que no ano anterior, o que supón o 4,5% das prestacións en España. Deste xeito, o número total de prestacións por persoa beneficiaria é de 1,09 en Galicia, mentres que a media estatal é de 1,25 prestacións por beneficiario.

Tendo en conta os tipos de prestacións, do devandito **cadro 4.2.12.** despréndense importantes diferenzas con respecto á situación no conxunto do Estado. Dunha banda, mentres que en Galicia pouco máis da cuarta parte corresponde a prestacións eco-

nómicas para coidados no entorno familiar (25,9%), a porcentaxe máis baixa tras Canarias e Madrid, en España representan o 40,3%. Doutra banda, entre as prestacións por servizos, salienta o elevado peso relativo das prestacións de axuda a domicilio (26,5% e Galicia e 14,3% no Estado) así como a reducida importancia relativa da teleasistencia, que supón tan só o 2,9% das prestacións, lonxe do 12,4% en España.

Outra das necesidades básicas das persoas en situación de dependencia é a existencia de suficientes prazas residenciais en centros específicos. Segundo os datos publicados polo Instituto de Maiores e Servizos Sociais (Imsero), a 31 de decembro de 2012 (último dato dispoñible), o número de usuarios dos servizos sociais destinados a maiores en Galicia ascendía a 43.236, que representa o 2,7% do total estatal, sendo esta porcentaxe significativamente inferior ao peso relativo da poboación maior de 65 anos no



Servizos sociais destinados a persoas maiores a 31 decembro 2012: número de usuarios

	Galicia		Índice cobertura (%)	España		Índice cobertura (%)
	Persoas	(%)		Persoas	(%)	
Usuarios	43.236	100	8,4	1.630.844	100	21,2
Teleasistencia (1)	5.306	12,3	0,8	910.894	55,9	10,9
Servizo Axuda a Domicilio (1)	18.501	42,8	2,9	384.233	23,6	4,6
Centros de Día (2)	5.255	12,2	1,0	58.556	3,6	1,0
Serv. Atención Residencial (2)	14.174	32,8	3,7	277.161	17,0	4,6

(1) Índice de cobertura: Persoas usuarias / poboación maior de 65 anos

(2) Índice de cobertura: Número de plazas / poboación maior de 65 anos

Fonte: IMSERSO, *Recursos sociales dirigidos a personas mayores en España*

4.2.13.

Servizos sociais destinados a persoas maiores a 31 decembro 2012: número de centros e plazas

	Galicia			España		
	Financiamento			Financiamento		
	público	privado		público	privado	
Centros	489	134	355	10.186	3.950	6.236
Centros de día	167	69	98	3.276	1.404	1.872
Servizos de atención residencial	322	65	257	6.910	2.546	4.364
Centros residenciales	211	44	167	5.580	1.478	4.102
Vivendas para maiores	111	21	90	1.330	1.068	262
Plazas	29.795	14.328	15.467	472.009	248.787	223.222
Centros de día	6.414	6.414	-	86.664	57.178	29.486
Servizos de atención residencial	23.381	7.914	15.467	385.345	191.609	193.736
Centros residenciales	22.348	7.716	14.632	374.518	185.134	189.384
Vivendas para maiores	1.033	198	835	10.827	6.475	4.352

Fonte: IMSERSO, *Recursos sociales dirigidos a personas mayores en España*

4.2.14.

Coidadores non profesionais: afiliados en alta na Seguridade Social 2008-14 ⁽¹⁾

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	Galicia / España (%)
2008	2.484	818	384	567	715	42.910	5,8
2009	6.053	2.328	714	957	2.054	100.423	6,0
2010	8.752	3.115	1.141	1.617	2.879	150.566	5,8
2011	8.206	2.923	1.063	1.420	2.800	173.424	4,7
2012	2.316	753	390	479	694	23.933	9,7
2013	1.737	567	304	358	508	16.736	10,4
2014	1.393	465	251	287	390	13.553	10,3

(1) datos a 31 de decembro de cada ano

A Disposición Transitoria decimoterceira do Real Decreto-Lei 20/2012 establece que os convenios especiais no Sistema da Seguridade Social dos coidadores non profesionais extinguíranse o día 31 de agosto de 2012, agás que o subscritor solicite expresamente o mantemento do mesmo; neste caso, dende o día 1 de setembro ata o 31 de decembro de 2012 a cotización terá unha redución do 10%, estando o 5% restante da cota a cargo da Administración e o 85% a cargo do coidador. A partir do día 1 de xaneiro de 2013, o convenio especial será a cargo exclusivamente do coidador profesional.

Fonte: Seguridad Social

4.2.15.





Contratos de traballo iniciais para persoas discapacitadas en Galicia e España 2014

	Galicia					España	G / E
	Total	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra		
C. indefinidos persoas con discapacidade	411	175	47	43	146	7.158	(%) 5,7
Homes	236	98	25	26	87	4.281	5,5
Mulleres	175	77	22	17	59	2.877	6,1
Xornada completa	237	87	27	26	97	4.134	5,7
Xornada parcial	150	80	16	10	44	2.483	6,0
Fixos discontinuos	24	8	4	7	5	541	4,4
C. temporais persoas con discapacidade	1.014	450	98	110	356	18.364	5,5
Homes	584	264	63	58	199	11.064	5,3
Mulleres	430	186	35	52	157	7.300	5,9
Xornada completa	539	230	52	62	195	10.221	5,3
Xornada parcial	475	220	46	48	161	8.143	5,8
12 meses	981	438	91	103	349	17.644	5,6
de 12 a 18 meses	27	12	7	1	7	597	4,5
de 18 a 24 meses	6	-	-	6	-	68	8,8
máis de 24 meses	-	-	-	-	-	55	
Prórroga contratos temporais	82.447	30.352	8.829	7.526	35.740	1.733.304	4,8
Prórroga a persoas con discapacidade	537	228	58	47	204	10.167	5,3
Contratos convertidos en indefinidos	22.077	9.391	2.784	2.104	7.798	414.509	5,3
a persoas con discapacidade	252	124	25	27	76	5.033	5,0
C. Temporais a persoas discapacidade	184	80	22	22	60	3.415	5,4
C. Indefinidos bonificados	5.502	966	3.477	275	784	42.916	12,8
A persoas con discapacidade	700	329	73	72	226	13.432	5,2

Fonte: Servicio Público de Empleo Estatal

■ 4.2.16.

conxunto do Estado (7,7%). Atendendo aos distintos tipos de servizos sociais, o **cadro 4.2.13.** reflicte a existencia de importantes diferenzas entre Galicia e España, xa que mentres que na Comunidade Autónoma predomina o servizo de axuda a domicilio (SAD), que acolle ao 42,8% dos usuarios, no conxunto do Estado a teleasistencia acolle ao 55,9% dos usuarios.

Os 489 centros de servizos sociais destinados a maiores en Galicia, o 4,8% do total estatal, ofertan nesa data case 30.000 prazas, o que supón o 6,3% das prazas en España. Como amosa o **cadro 4.2.14.**, os centros con financiamento público representan en Galicia o 27,4% do total (41,3% no caso do centros de día), sendo esta porcentaxe inferior á do conxunto do Estado nos distintos centros considerados. Atendendo á relación entre usuarios e a poboación maior de 65 anos, o índice de cobertura situouse en torno ao 8,5%, moi por baixo da media estatal, que se situou en 21,2%. Asemade, no caso da atención residencial, o índice de cobertura sitúase, tanto para o conxunto do Estado como para Galicia, por baixo do 5%

recomendado pola Organización Mundial da Saúde.

No concernente ao persoal encargado do coidado das persoas dependentes, cómpre destacar o papel dos coidadores non profesionais, que, en termos de Seguridade Social, son aqueles que sexan designados como tales no PIA e cumpran as condicións legalmente previstas. O **cadro 4.2.15.** amosa que o número de afiliados ao convenio de coidadores non profesionais en Galicia continúa descendendo en 2014 para situarse nas 1.393 persoas, o 10,3% do total estatal, unha décima menos que no ano anterior.

En relación á contratación de persoas con algún tipo de discapacidade, no ano 2014 asináronse en Galicia un total 411 contratos indefinidos para persoas con discapacidade, 237 a xornada completa, e 1.014 contratos temporais. Isto supón que de cada 1.000 contratos indefinidos asinados en Galicia no último ano 10,4 corresponden a persoas con discapacidade (7,7 contratos no conxunto do Estado), e de cada 10.000 contratos



Fogares 2008-13: tipoloxías segundo sexo da persoa principal

	2008			2013		
	Total	Homes (%)	Mulleres	Total	Homes (%)	Mulleres
Unipersoal	19,64	12,12	32,67			
Sen núcleo	2,56	1,81	3,86			
Parella con fillos	35,21	43,56	20,73			
Parella sen fillos	21,42	24,98	15,26			
Monoparental	8,64	5,10	14,79			
Un núcleo e outros	8,49	8,57	8,37			
Varios núcleos	4,04	3,87	4,33			

Fonte: IGE, *Enquisa de condicións de vida das familias*

4.2.17.

Fogares 2008-13: tipoloxías segundo sexo da persoa principal

	2008			2013		
	Total	Homes (%)	Mulleres	Total	Homes (%)	Mulleres
Unipersoal	19,64	12,12	32,67	21,82	15,27	30,69
Sen núcleo	2,56	1,81	3,86	2,12	1,84	2,48
Parella con fillos	35,21	43,56	20,73	33,24	41,06	22,67
Parella sen fillos	21,42	24,98	15,26	22,74	25,96	18,38
Monoparental	8,64	5,10	14,79	9,09	5,25	14,27
Un núcleo e outros	8,49	8,57	8,37	7,35	7,24	7,50
Varios núcleos	4,04	3,87	4,33	3,64	3,38	4,00

Fonte: IGE, *Enquisa de condicións de vida das familias*

4.2.18.

Solicitudes de adopción nacional e internacional 2013-14

2013

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Adopcións nacionais					
solicitudes abertas	217	85	31	25	76
resolucións de acollemento preadoptivo	43	7	7	11	18
propostas de adopción realizadas	61	19	8	5	29
autos de adopción producidos	57	16	10	8	23
Adopcións internacionais	165	92	22	10	41

2014

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Adopcións nacionais					
solicitudes abertas	180	73	15	20	72
resolucións de acollemento preadoptivo	50	21	2	13	14
propostas de adopción realizadas	52	16	3	5	28
autos de adopción producidos	33	9	4	5	15
Adopcións internacionais	90	58	12	5	15

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

4.2.19.





Escolas infantís en Galicia a 1 de xaneiro de 2015: distribución segundo tipo de iniciativa e provincia

	Centros	Plazas	Poboación de 0-3 anos	Plazas / Pob. 0-3 (plazas por cada 100 hab)
Iniciativa pública	223	14.411	83.787	17,2
A Coruña	99	6.722	35.754	18,8
Lugo	28	1.574	8.791	17,9
Ourense	19	1.194	7.954	15,0
Pontevedra	77	4.921	31.288	15,7
Iniciativa privada sen ánimo de lucro	204	9.844	83.787	11,7
A Coruña	99	4.723	35.754	13,2
Lugo	16	695	8.791	7,9
Ourense	24	984	7.954	12,4
Pontevedra	65	3.442	31.288	11,0
Iniciativa social	66	3.722	83.787	4,4
A Coruña	28	1.566	35.754	4,4
Lugo	3	113	8.791	1,3
Ourense	4	101	7.954	1,3
Pontevedra	31	1.942	31.288	6,2
Total	493	27.977	83.787	33,4
A Coruña	226	13.011	35.754	36,4
Lugo	47	2.382	8.791	27,1
Ourense	47	2.279	7.954	28,7
Pontevedra	173	10.305	31.288	32,9

Fonte: Consellería de Traballo e Benestar

■ 4.2.20.

temporais 14 son de persoas con discapacidade (11,9 en España).

Familia e infancia

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, recoñece a familia como estrutura básica da sociedade e ámbito natural de desenvolvemento da persoa, e regula a obriga que os poderes públicos da Comunidade Autónoma de Galicia teñen de apoiar e protexer ás familias e aos seus membros, e, en especial, aos nenos e ás nenas e aos e ás adolescentes.

No que respecta ás familias e modelos familiares, o **cadro 4.3.17.** amosa que un 33,2% dos fogares galegos estaban constituídos por parellas con fillos, seguidos dos fogares compostos por parellas sen fillos, co 22,7%, e dos fogares unipersoais, co 21,8%. A porcentaxe de fogares monoparentais é do 9,1% do total de fogares galegos en decembro de 2013, o que supón que existen 96.408 fogares monoparentais nese ano, 8.300 máis que en 2007.

A diferenza do acontecido no ano 2012, os

datos a 31 de decembro de 2013 reflicten un novo descenso da porcentaxe de fogares constituídos por parellas con fillos ao mesmo tempo que aumenta a porcentaxe de parellas sen fillos e o número de fogares unipersoais e monoparentais.

No ano 2013 expedíronse un total de 8.465 títulos de familia numerosa en Galicia, dos que 1.822 corresponden a títulos novos e os restantes 6.643, a renovacións. Atendendo á súa distribución segundo categorías, 959 son de categoría especial, isto é, familias de cinco ou máis fillas ou fillos e as de catro fillos ou fillas cando ao menos tres procedan de parto, adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo múltiples. Tamén poderán incluírse nesta categorías as familias con catro fillos ou fillas con ingresos inferiores ao 75% do IPREM vixente. A 31 de decembro, existían en Galicia 19.240 títulos de familia numerosa en vigor.

Nas dúas terceiras partes dos títulos expedidos, a persoa titular atópase en situación laboral activa (5.595 títulos), fronte ao 16,2% correspondente a unha persoa desempregada (1.403 títulos) ou un 13,6%



que non ten actividade laboral (1.151 títulos).

No que respecta ás solicitudes de adopcións nacionais abertas en Galicia, no último ano, a diferenza do acontecido en 2013, rexístrase unha caída das mesmas, pasando das 217 solicitudes do ano 2013, ás 180 no ano 2014. No caso das adopcións internacionais, continúa a tendencia claramente descendente dos últimos anos, acadando en 2014 as 90 solicitudes, o nivel máis reducido da serie estatística dispoñible. Como reflicte o **cadro 4.2.19.**, os devanditos descensos das solicitudes de adopción realizadas rexístranse nas catro provincias galegas.

No que á infancia se refire, a 1 de xaneiro de 2015 Galicia contaba cun total de 493 escolas infantís, que ofertaban case 28.000 prazas. Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos ascende a 83.787 persoas, a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 33,4. A Coruña é a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 226 centros existentes ofrecen unha rateo de 36,4 prazas. Séguelle Pontevedra, con case 33 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos, e a continuación sitúanse Ourense e Lugo, con 28,7 e 27,1 prazas, respectivamente.

Violencia e maltrato

Segundo a Lei orgánica estatal 1/2004, de 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, a violencia de xénero defínese como a manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres, exércese sobre estas por parte de quen sexan ou teñan sido os seus cónxuxes, ou de quen están ou teñan estado ligados a elas por relacións similares de afectividade, aínda sen convivencia, e comprende todo acto de violencia física e psicolóxica, incluídas as agresións á liberdade sexual, as ameazas, as coaccións

ou a privación arbitraria de liberdade. O número de chamadas pertinentes realizadas en Galicia ao 016 –teléfono que ofrece información e asesoramento xurídico en materia de violencia de xénero con carácter gratuito e universal– volveu a incrementarse no ano 2014, acadando as 2.900 chamadas, un 6,8% máis que no ano anterior, das que 2.069 foron realizadas polas propias usuarias (8% máis que en 2013) e 758, por familiares ou persoas achegadas (2,6% máis).

O número de denuncias realizadas no último ano cae un 25% respecto ao ano anterior, rexistrándose un total de 3.893 denuncias, o 4,1% do total estatal. Atendendo á súa orixe, a meirande parte corresponde a atestados policiais con denuncia da vítima, con 2.471 denuncias (o 4,2% das rexistras en España), seguido polas presentadas directamente pola vítima, con 590 (8% do total do conxunto do Estado). Comparado co ano anterior, cómpre mencionar o descenso experimentado por estes dous tipos de orixe das denuncias (500 e 638 menos, respectivamente) así como a dos partes de lesións, con 202 denuncias menos, ao contrario do acontecido, por exemplo, cos atestados policiais por intervención directa policial (64 máis que no ano anterior).

Ao longo do ano 2014 Galicia rexistrou seis mortes por violencia de xénero, a cifra máis alta dos últimos seis anos, o que representa o 11,3% do total de casos rexistrados en toda España no mesmo ano. Respecto ao anterior, dita porcentaxe aumenta en case catro puntos porcentuais como consecuencia do devandito incremento e da redución nunha vítima mortal no conxunto do Estado.

No que respecta aos dereitos laborais e económicos das mulleres vítimas de violencia, o **cadro 4.3.28.** mostra que os contratos bonificados a mulleres vítimas da violencia de xénero ascenderon no último ano a 26, nove máis que no ano anterior, o que repre-





Violencia de xénero en Galicia e España 2014

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	G / E (%)
Chamadas pertinentes	2.900	903	412	281	1.304	68.604	4,2
Usuaris	2.069	649	308	195	917	49.896	4,1
Familiares/achegados	758	228	98	78	354	17.006	4,5
Outros	73	26	6	8	33	1.699	4,3
Axudas concedidas	51					579	8,8
Axudas cambio residencia	173	92	16	29	36	3.601	4,8
Contratos bonificados	26	8	3	5	10	725	3,6
Contratos de substitución	16	11	2	-	3	143	11,2
Número de denuncias	3.893	1.421	418	374	1.680	95.301	4,1
Presentadas directamente vítima	590	122	72	107	289	7.334	8,0
Presentadas directamente familiares	13	7	1	-	5	527	2,5
Atestado policial con denuncia vítima	2.471	986	286	195	1.004	59.056	4,2
Atestado policial con denuncia familiares	53	33	2	4	14	1.117	4,7
Atestado policial. Intervención directa policía	295	142	28	30	95	14.439	2,0
Parte lesións	372	127	28	37	180	11.204	3,3
Servizos asistencia a terceiros	99	4	1	1	93	1.624	6,1
Dispositivos electrónicos	1.842	612	298	150	782	60.002	3,1
Instalacións acumuladas	921	306	149	75	391	30.001	3,1
Desinstalacións acumuladas	666	226	113	60	267	21.541	3,1
Dispositivos activos	255	80	36	15	124	8.460	3,0
Perceptores de Renda Activa de Inserción	1.311	519	189	178	425	34.550	3,8
Seguemento integral	2.937	1.263	462	309	903	52.496	5,6
Casos con protección policial	884	469	131	40	244	16.044	5,5
Usuarios ATENPRO (1)	436	272	26	23	115	10.502	4,2
Vítimas mortais	6	2	2	-	2	53	11,3
Convivencia	5	1	2	-	2	35	14,3
Non convivencia	1	1	-	-	-	18	5,6

(1) servizo telefónico de atención e protección

Fonte: Delegación del Gobierno para la violencia de género

■ 4.2.21.

senta o 4,7% do total estatal. Asemade, o número de mulleres perceptoras da Renda Activa de Inserción continúa a súa tendencia crecente ata acadar 1.311 mulleres en 2014, un 9,5% máis que no ano precedente, o que supón o 3,8% das perceptoras en España.

Finalmente, no que atinxe á violencia infantil, no ámbito autonómico existen diferentes programas e actuacións dirixidas á atención a menores en situación de desprotección social. Entre estes pódense mencionar, entre outros, os referidos ao acollemento familiar, o programa Mentor, o programa de integración familiar (PIF), o teléfono da infancia ou o rexistro unificado de malos tratos (RUMI).

No ano 2013 (último dato dispoñible) destináronse ás medidas de acollemento familiar,

entendido como aquel recurso de protección temporal e revogable, orientado ao coidado de menores que se atopan privados, aínda que sexa circunstancialmente, dunha axeitada atención, un total de 2.971.444 euros. Segundo os datos da Consellería de Traballo e Benestar, beneficiáronse deste programa un total de 1.486 menores e 616 familias, das que a meirande parte corresponden ao programa de acollemento por membros da súa propia familia (1.255 menores e 983 familias).

No ano 2013, a poboación sobre a que incidiu o proxecto Mentor, que proporciona información, formación e acompañamento á inserción dos menores entre 16 e 21 anos tutelados ou en garda pola administración autonómica, ascendeu a 422, dos que 259 son mozos e 163, mozas. No que se refire



ao programa de integración familiar, que persegue acadar unha convivencia normalizada no ámbito familiar mediante unha intervención educativa, terapéutica e asistencial, en 2013 foron atendidos 364 menores (206 cunha finalidade de preservación familiar e 158 de reunificación) e 199 familias (103 perseguen a preservación da familia e 96, a reunificación).

O teléfono da infancia (116111), ademais de facilitar unha vía de apoio aos menores, está dirixido a todas as persoas que coñezan casos de malos tratos á infancia ou que demanden información sobre os recursos e asesoramento en temas relativos aos dereitos da infancia. Entre as 1.432 chamadas realizadas, máis do 42% céntranse no asesoramento e solicitude de información, seguidos pola comunicación ou sospeita de maltrato, que representan case o 8% (112 chamadas). Entre estas últimas, máis da metade (59 chamadas) corresponde a unha situación de abandono físico e/ou negligencia, un 31% a maltrato físico (34 situacións) e un 10% a maltrato emocional (11 casos).

Finalmente, o RUMI é un instrumento de rexistro e notificación de maltrato infantil destinado aos profesionais que simplifica e axiliza a actuación ante unha situación de risco para o menor. No ano 2013 tiveron acceso a este rexistro 2.068 profesionais (1.848 do ámbito educativo e 220 policial) realizándose un total de 12 notificacións. □

